



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@concellodepadron.es

www.concellodepadron.es

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 10 DE SETEMBRO DE 2015

Alcalde-Presidente:

Don Antonio Fernández Angueira.

Concelleiros presentes:

Don José Ramón Pardo Andrade.

Don Andrés Sanmarco Santos.

Dona Lorena Couso Dopazo.

Secretario:

Don Juan Manuel Salguero del Valle.

Interventor accidental:

Don José Marcelino Rivera Rarís.

Excusa a súa ausencia

Dona Carmen María Lois Ferrón.

Na Alcaldía da Casa Consistorial de Padrón, sendo as doce horas e dez minutos do día nove de setembro de dous mil quince, baixo a Presidencia do señor Alcalde don Antonio Fernández Angueira reúnen-se as señoras Concelleiras e os señores Concelleiros relacionados na cabeceira, todas e todos membros da Xunta de Goberno Local, co fin de celebrar a sesión ordinaria deste órgano en primeira convocatoria, asistidos da Secretaria da Corporación dona Ana María Ares Álvarez, de acordo coa seguinte:

ORDE DO DÍA

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 27 DE AGOSTO DE 2015.

Remitido ás señoras Concelleiras e aos señores Concelleiros o texto da acta da sesión ordinaria realizada o vinte e sete de agosto de dous mil quince por esta Xunta de Goberno Local, e non formulándose ningunha observación á mesma, esta resulta aprobada por unanimidade das e dos presentes.

2.-SOLICITUDE DE LICENZA MUNICIPAL DE OBRAS PARA SUBSTITUCIÓN URXENTE POR PERIGO DE DESPRENDEMENTO DE CANALÓNS E BAIXANTES EN EDIFICIO SITO NA RÚA ENLACE PARQUE Nº 11, FORMULADA POR D. JUAN ARES PÉREZ, EXPEDIENTE 141/2015/LU.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 8 de setembro de 2015:

<<Antecedentes administrativos.

Primeiro. En data 28 de xullo de 2015 ten entrada no Concello, con número de rexistro 6604, solicitude de licenza municipal de obras de revestimento exterior de fachada e substitución de canalóns e baixantes en edificio sito na rúa enlace parque nº 11, con referencia catastral 8019612NH2381N0001FA, formulada por D.

Juan Ares Pérez. Achéganse coa solicitude orzamento, fotografías e orzamento de instalación de estadas na fachada.

Segundo. En data 29 de xullo de 2015 ten entrada no Concello, con número de rexistro 6623, solicitude do interesado referindo que os canalóns e baixantes se atopan en deficiente estado de conservación, con perigo de desprendemento dos mesmos, polo que se solicita a tramitación de urxencia da licenza para arranxo e substitución dos mesmos cunha plataforma elevadora.

Terceiro. En data 1 de setembro de 2015 o arquitecto técnico municipal D. Francisco Ferro González informa as obras solicitadas referindo a necesidade de proceder á autorización con carácter de urxencia das obras referentes aos canalóns e baixantes polo seu mal estado, informando favorablemente as obras solicitadas no seu conxunto.

Cuarto. En data 2 de setembro de 2015 remítese oficio ao Departamento Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia na Coruña aos efectos de obter a preceptiva autorización sectorial.

Quinto. En mesma data remítese requirimento ao interesado de plan de montaxe e desmontaxe de estadas para a intervención nas fachadas.

Sexto. En data 4 de setembro de 2015 o asesor xurídico en materia de urbanismo informa a solicitude.

Fundamentos de dereito.

Primeiro. Artigo 195.3 da LOUG en canto á consideración da obra como menor.

Segundo. Disposición transitoria primeira da LOUG en canto á aplicabilidade do disposto na mesma para o solo urbano consolidado, no caso de solo calificado coma urbano polo planeamento municipal cando éste non se atopa adaptado á LOUG.

Terceiro. Ordenanza de solo urbano residencial de edificación entre medianeiras (URME) do vixente PXOM do Concello de Padrón en canto á calificación urbanística do inmovible, usos autorizables e condicionantes urbanísticos. Artigo 47.1 da Lei 8/1995, de patrimonio cultural de Galicia, en canto á necesidade de contar con autorización sectorial en materia patrimonial.

Cuarto. En base ao disposto no informe técnico municipal de data 1 de setembro de 2015 e o do asesor xurídico en Materia de Urbanismo do 4 de setembro de 2015, e os argumentos nestes recollidos que son asumidos por esta resolución como motivación, en particular no referente á tramitación urxente da solicitude, en base ao artigo 89.5. da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réximen xurídico e do procedemento administrativo común (LRXPAC).

Quinto. Considerando que é competencia da Xunta de Goberno Local a concesión de licenzas de obras tal e como consta no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998,

Propoño á Xunta de Goberno Local:

Primeiro. Outorgar a D. Juan Ares Pérez licenza municipal de obras para substitución de canos e baixantes en edificio sito na rúa Enlace Parque nº 11 con referencia catastral 8019612NH2381N0001FA, expediente 141/2015/LU, conforme os orzamentos e documentación presentada, quedando pendente de outorgamento a licenza referida ao revestimento da fachada do inmovible.

- a) Deberá cumprir coas esixencias que se derivan do Decreto 174/2005, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o rexistro xeral de produtores e xestores de residuos de Galicia, da Lei 10/1997, de residuos sólidos urbanos e do Decreto 105/2008, do 1 de febreiro.

Segundo. En cumprimento do establecido 17.1. do Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@concellodepadron.es

www.concellodepadron.es

Tf: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

o regulamento de disciplina urbanística de Galicia (RDUG) fanse constar os seguintes datos da licenza concedida:

- a) Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: solo urbano residencial de edificación entre medianeiras (URME) e no entorno dun ben de interese cultural, declarado polo Real Decreto 3260/1997, polo que se declara paraxe pintoresca o contorno no que se integran a casa de Rosalía de Castro, a Colexiata de Iria Flavia co cemiterio de Adina e o Xardín Botánico da Vila de Padrón
- b) Finalidade da actuación e uso ao que se destinará: substitución de canos e baixantes
- c) Altura, volumes e ocupación de parcela: os existentes.
- d) Contía na que se orzan as obras: 864,00 euros. (sen IVE)
- e) Situación e emprazamento das obras: rúa Enlace Parque nº 11
- f) Nome ou razón social do promotor: D. Juan Ares Pérez
- g) Técnico autor do proxecto e director das obras: non procede.
- h) Contratista das obras: Construcciones Ares Rodríguez S.L.
- i) Prazos para o inicio e terminación das obras: As obras deberán iniciarse no prazo de tres (3) meses dende a data de notificación do acto que outorgue a licenza para o proxecto de execución, e concluírse no prazo de seis (6) meses contados dende a data de inicio das obras. Os efectos de caducidade das licenzas estarase ao disposto polo artigo 197 da lei 9/2002, de 30 de decembro.

Terceiro. A licenza enténdese outorgada salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Cuarto. No caso de que a intervención precise da ubicación de andamiages, guindastres, depósitos de materiais ou acopios, ou calquera outra instalación, ocupación ou actividade que implique ocupación da vía pública e entorpeza ou dificulte a circulación de vehículos ou persoas, deberá solicitar a correspondente autorización nas oficinas deste Concello, de conformidade co disposto na ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública, publicada no Boletín Oficial da Provincia número 267, de 19 de novembro de 2004.

Quinto. Dar traslado ao técnico municipal de xestión económica aos efectos de proceder á liquidación dos tributos que resulten de aplicación.

Sexto. Dar traslado do acordo adoptado ós servizos técnicos e de recadación municipais.

Sétimo. Remitir oficio ao Servizo de Patrimonio da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria con traslado do presente acordo, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.

Oitavo. Notificar o presente acordo ao interesado coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o alcalde coma órgano titular orixinario da competencia para resolver, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación resultando aprobado por unanimidade das e dos presentes, polo que a Xunta de Goberno Local adopta o seguinte acordo:

Primeiro. Outorgar a D. Juan Ares Pérez licenza municipal de obras para substitución de canos e baixantes en edificio sito na rúa Enlace Parque nº 11 con referencia catastral 8019612NH2381N0001/A, expediente 141/2015/LU, conforme os orzamentos e documentación presentada, quedando pendente de outorgamento a licenza referida ao revestimento da fachada do inmovible.

- b) Deberá cumprir coas esixencias que se derivan do Decreto 174/2005, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o rexistro xeral de produtores e xestores de residuos de Galicia, da Lei 10/1997, de residuos sólidos urbanos e do Decreto 105/2008, do 1 de febreiro.

Segundo. En cumprimento do establecido 17.1. do Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de disciplina urbanística de Galicia (RDUG) fanse constar os seguintes datos da licenza concedida:

- a) Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: solo urbano residencial de edificación entre medianeiras (URME) e no entorno dun ben de interese cultural, declarado polo Real Decreto 3260/1997, polo que se declara paraxe pintoresca o contorno no que se integran a casa de Rosalía de Castro, a Colexiata de Iria Flavia co cemiterio de Adina e o Xardín Botánico da Vila de Padrón
- b) Finalidade da actuación e uso ao que se destinará: substitución de canos e baixantes
- c) Altura, volumes e ocupación de parcela: os existentes.
- d) Contía na que se orzan as obras: 864,00 euros. (sen IVE)
- e) Situación e emprazamento das obras: rúa Enlace Parque nº 11
- f) Nome ou razón social do promotor: D. Juan Ares Pérez
- g) Técnico autor do proxecto e director das obras: non procede.
- h) Contratista das obras: Construcciones Ares Rodríguez S.L.
- i) Prazos para o inicio e terminación das obras: As obras deberán iniciarse no prazo de tres (3) meses dende a data de notificación do acto que outorgue a licenza para o proxecto de execución, e concluírse no prazo de seis (6) meses contados dende a data de inicio das obras. Ós efectos de caducidade das licenzas estarase ao disposto polo artigo 197 da lei 9/2002, de 30 de decembro.

Terceiro. A licenza enténdese outorgada salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Cuarto. No caso de que a intervención precise da ubicación de andamiaxes, guindastres, depósitos de materiais ou acopios, ou calquera outra instalación, ocupación ou actividade que impliquen ocupación da vía pública e entorpeza ou dificulte a circulación de vehículos ou persoas, deberá solicitar a correspondente autorización nas oficinas deste Concello, de conformidade co disposto na ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública, publicada no Boletín Oficial da Provincia número 267, de 19 de novembro de 2004.

Quinto. Dar traslado ao técnico municipal de xestión económica aos efectos de proceder á liquidación dos tributos que resulten de aplicación.

Sexto. Dar traslado do acordo adoptado ós servizos técnicos e de recadación municipais.

Sétimo. Remitir oficio ao Servizo de Patrimonio da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria con traslado do presente acordo, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.

Oitavo. Notificar o presente acordo ao interesado coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o alcalde coma órgano titular orixinario da competencia para resolver, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

3.- SOLICITUDE DE LICENZA MUNICIPAL DE OBRAS DE RENOVACIÓN DE CUBERTA DE



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@concellodepadron.es

www.concellodepadron.es

Tf: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

EDIFICACIÓN SITA NA PRAZA RAMÓN TOJO ESQUINA ROSALÍA DE CASTRO, FORMULADA POR D^a. MARÍA CALVIÑO OTERO, EXPEDIENTE 151/2014/LU.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 8 de setembro de 2015:

<<ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS.

Primeiro. En data 22 de xullo de 2014 ten entrada no Concello, con número de rexistro 5957, solicitude de licenza municipal de obras de renovación de cuberta de edificación sita na praza Ramón Tojo esquina C/ Rosalía de Castro, con referencia catastral 7921701NH2372S0002KP, formulada por D^a. María Calviño Otero. Achégase coa solicitude orzamento, plano de situación conforme o PXOM e fotografías da zona do inmovible obxecto de actuación.

Segundo. En data 29 de decembro de 2014 remítese requirimento ao interesado de emendas necesarias para a tramitación da solicitude.

Terceiro. En data 20 de xaneiro de 2015 ten entrada no Concello documentación adicional achegada polo interesado modificando o orzamento no referente aos materiais dos canos e baixantes.

Cuarto. En data 26 de xuño de 2015 o arquitecto técnico municipal D. Francisco Ferro González informa favorablemente as obras solicitadas, referindo a necesidade de contar con autorización sectorial en materia patrimonial.

Quinto. En data 30 de xuño de 2015 remítese oficio ao Departamento territorial da Consellería de Cultura e Turismo da Coruña, sección de patrimonio, aos efectos de recabar a pertinente autorización sectorial.

Sexto. En data 27 de agosto de 2015 ten entrada no Concello resolución de data 21 de agosto de 2015 do xefe do Servizo de Coordinación da Área Cultural da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, que autoriza as obras solicitadas.

Sétimo. En data 7 de setembro de 2015 o asesor xurídico en materia de urbanismo Juan Molares Agrelo informa favorablemente as obras solicitadas.

FUNDAMENTOS DE DEREITO.

Primeiro. Artigo 195.3 da LOUG en canto á consideración da obra como menor.

Segundo. Disposición transitoria primeira da LOUG en canto á aplicabilidade do disposto na mesma para o solo urbano consolidado, no caso de solo calificado coma urbano polo planeamento municipal cando éste non se atopa adaptado á LOUG.

Terceiro. Ordenanza de Solo Urbano Residencial en Nucleo Antigo (URNA) do vixente PXOM do Concello de Padrón en canto á calificación urbanística do inmovible, usos autorizables e condicionantes urbanísticos. Mesma ordenanza e artigo 47.1 da Lei 8/1995, de patrimonio cultural de Galicia, en canto á necesidade de contar con autorización sectorial en materia patrimonial.

Neste senso, resolución de data 30 de xullo de 2015 da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, que autoriza as obras solicitadas.

Cuarto. En base ao disposto no informe técnico municipal de data 26 de xuño de 2015 e o do asesor xurídico en Materia de Urbanismo do 7 de setembro de 2015, e os argumentos nestes recollidos que son asumidos por esta resolución como motivación, en base ao artigo 89.5. da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réximen xurídico e do procedemento administrativo común (LRXPAC).

Quinto. Considerando que é competencia da Xunta de Goberno Local a concesión de licenzas de obras tal e como consta no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da

Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998,

PROPÓNSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

Primeiro. Outorgar a D^a María Calviño Otero licenza municipal de obras para renovación de cuberta de vivenda sita na praza Ramón Tojo esquina Rosalía de Castro, con referencia catastral 7921701NH2372S0002KP, expediente 151/2014/LU, conforme os orzamentos e a documentación achegada.

Segundo. En base ó establecido no artigo 17.1 do Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de disciplina urbanística de Galicia (RDUG), fanse constar os seguintes datos da licenza concedida:

- a) Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: Solo Urbano Residencial en Núcleo Antigo (URNA), dentro do ámbito territorial do PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REHABILITACIÓN DO CONXUNTO HISTÓRICO DE PADRÓN (P.E. 1) e dentro do ámbito do Ben de Interese Cultural composto polo entorno no que se integran a Casa de Rosalía de Castro, a Colexiata de Iria Flavia, o cemiterio de Adina e o Xardín Botánico da Vila.
- b) Finalidade da actuación e uso ao que se destinará: renovación de cuberta de vivenda.
- c) Altura, volumes e ocupación da parcela permitidos: os existentes.
- d) Contía na que se orzan as obras: 15.250,00 euros. (sen IVE)
- e) Situación e emprazamento das obras: Praza Ramón Tojo esquina Rosalía de Castro, Padrón.
- f) Nome ou razón social do promotor: D^a. María Calviño Otero.
- g) Técnico autor do proxecto: non procede.
- h) Técnico director das obras: non procede.
- i) Prazos para o inicio e terminación das obras: As obras deberán comezarse no prazo de tres (3) meses dende a notificación do acto administrativo polo que se outorgue a licenza e terse rematadas no prazo de seis (6) meses dende o inicio das obras. No tocante á caducidade das licenzas, estarase ao disposto polo artigo 197 da LOUG.

Terceiro. A licenza enténdese outorgada salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Cuarto. No caso de que a intervención precise da ubicación de andamiaxes, guindastres, depósitos de materiais ou acopios, ou calquera outra instalación, ocupación ou actividade que impliquen ocupación da vía pública e entorpeza ou dificulte a circulación de vehículos ou persoas, deberá solicitar a correspondente autorización nas oficinas deste Concello, de conformidade co disposto na ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública, publicada no Boletín Oficial da Provincia número 267, de 19 de novembro de 2004.

Quinto. Dar traslado ao técnico municipal de xestión económica aos efectos de proceder á liquidación dos tributos que resulten de aplicación.

Sexto. Dar traslado do acordo adoptado ós servizos técnicos e de recadación municipais,

Sétimo. Notificar o presente acordo ao interesado coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o alcalde coma órgano titular orixinario da competencia para resolver, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@concellodepadron.es

www.concellodepadron.es

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación resultando aprobado por unanimidade das e dos presentes, polo que a Xunta de Goberno Local adopta o seguinte acordo:

Primeiro. Outorgar a D^a María Calviño Otero licenza municipal de obras para renovación de cuberta de vivenda sita na praza Ramón Tojo esquina Rosalía de Castro, con referencia catastral 7921701NH2372S0002KP, expediente 151/2014/LU, conforme os orzamentos e a documentación achegada.

Segundo. En base ó establecido no artigo 17.1 do Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de disciplina urbanística de Galicia (RDUG), fanse constar os seguintes datos da licenza concedida:

j) Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: Solo Urbano Residencial en Núcleo Antigo (URNA), dentro do ámbito territorial do PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REHABILITACIÓN DO CONXUNTO HISTÓRICO DE PADRÓN (P.E. 1) e dentro do ámbito do Ben de Interese Cultural composto polo entorno no que se integran a Casa de Rosalía de Castro, a Colexiata de Iria Flavia, o cemiterio de Adina e o Xardín Botánico da Vila.

k) Finalidade da actuación e uso ao que se destinará: renovación de cuberta de vivenda.

l) Altura, volumes e ocupación da parcela permitidos: os existentes.

m) Contía na que se orzan as obras: 15.250,00 euros. (sen IVE)

n) Situación e emprazamento das obras: Praza Ramón Tojo esquina Rosalía de Castro, Padrón.

o) Nome ou razón social do promotor: D^a. María Calviño Otero.

p) Técnico autor do proxecto: non procede.

q) Técnico director das obras: non procede.

r) Prazos para o inicio e terminación das obras: As obras deberán comezarse no prazo de tres (3) meses dende a notificación do acto administrativo polo que se outorgue a licenza e terse rematadas no prazo de seis (6) meses dende o inicio das obras. No tocante á caducidade das licenzas, estarase ao disposto polo artigo 197 da LOUG.

Terceiro. A licenza enténdese outorgada salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Cuarto. No caso de que a intervención precise da ubicación de andamiaxes, quindastres, depósitos de materiais ou acopios, ou calquera outra instalación, ocupación ou actividade que impliquen ocupación da vía pública e entorpeza ou dificulte a circulación de vehículos ou persoas, deberá solicitar a correspondente autorización nas oficinas deste Concello, de conformidade co disposto na ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública, publicada no Boletín Oficial da Provincia número 267, de 19 de novembro de 2004.

Quinto. Dar traslado ao técnico municipal de xestión económica aos efectos de proceder á liquidación dos tributos que resulten de aplicación.

Sexto. Dar traslado do acordo adoptado ós servizos técnicos e de recadación municipais,

Sétimo. Notificar o presente acordo ao interesado coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o alcalde coma órgano titular ordinario da competencia para resolver, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

4.- SOLICITUDE DE LICENZA MUNICIPAL DE OBRAS PARA PINTADO DE FACHADAS DE VIVENDA SITA NO LUGAR DE HORTA Nº 7, IRIA FLAVIA, FORMULADA POR D. MANUEL CALVO RODRÍGUEZ, EXPEDIENTE 37/2015/LU.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 8 de setembro de 2015:

<<ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS.

Primeiro. En data 18 de marzo de 2015 ten entrada no Concello, con número de rexistro 2210, solicitude de licenza municipal de obras de pintado de fachadas de vivenda sita na no lugar de Horta nº 7, Iria Flavia con referencia catastral 15066A065004010000ZJ, formulada por D. Manuel Calvo Rodríguez. Achéganse coa solicitude orzamento e fotografías da vivenda.

Segundo. En data 22 de xuño de 2015 o arquitecto técnico municipal D. Francisco Ferro González informa as obras favorablemente se ben segundo se refire por un erro de redacción nas conclusións do mesmo se refire o mesmo coma desfavorable.

Terceiro. En data 26 de xuño de 2015 remítese oficio ao Departamento Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia na Coruña aos efectos de obter a preceptiva autorización sectorial.

Cuarto. En data 26 de agosto de 2015 remítese novo oficio cun exemplar emendado do informe técnico municipal de data 22 de xuño de 2015.

Quinto. En data 27 de agosto de 2015 ten entrada no Concello resolución do Xefe de Servizo de Coordinación da Área Cultural da Xefatura Territorial do Patrimonio Histórico da Coruña de data 21 de agosto de 2015, que autoriza as obras solicitadas.

Sexto. En data 4 de setembro de 2015 o asesor xurídico en materia de urbanismo informa a solicitude.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

Primeiro. Artigo 195.3 da LOUG en canto á consideración da obra como menor.

Segundo. Disposición transitoria primeira da LOUG en canto á aplicabilidade do disposto na mesma para o solo urbano consolidado, no caso de solo calificado coma urbano polo planeamento municipal cando éste non se atopa adaptado á LOUG.

Terceiro. Ordenanza de solo urbano de núcleo rural (URNU) do vixente PXOM do Concello de Padrón en canto á calificación urbanística do inmovible, usos autorizables e condicionantes urbanísticos. Mesma ordenanza e artigo 47.1 da Lei 8/1995, de patrimonio cultural de Galicia, en canto á necesidade de contar con autorización sectorial en materia patrimonial.

Cuarto. En base ao disposto no informe técnico municipal de data 22 de xuño de 2015 e o do asesor xurídico en Materia de Urbanismo do 4 de setembro de 2015, e os argumentos nestes recollidos que son asumidos por esta resolución como motivación, en base ao artigo 89.5. da Lei 30/1992, de 26 de novembro de réximen xurídico e do procedemento administrativo común (LRXPAC).

Quinto. Considerando que é competencia da Xunta de Goberno Local a concesión de licenzas de obras tal e como consta no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998,

PROPÓNSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

Primeiro. Outorgar a D. Manuel Calvo Rodríguez licenza municipal de obras para pintado de fachadas de



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@concellodepadron.es

www.concellodepadron.es

Tf: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

vivenda sita no lugar de Horta nº 7, Iria Flavia, con referencia catastral 15066A065004010000ZJ, expediente 37/2015/LU, conforme os orzamentos e documentación presentada.

- a) Deberá cumprir coas esixencias que se derivan do Decreto 174/2005, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o rexistro xeral de produtores e xestores de residuos de Galicia, da Lei 10/1997, de residuos sólidos urbanos e do Decreto 105/2008, do 1 de febreiro.

Segundo. En cumprimento do establecido 17.1. do Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de disciplina urbanística de Galicia (RDUG) fanse constar os seguintes datos da licenza concedida:

a) Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: solo urbano de núcleo rural (URNU) e no entorno dun ben de interese cultural, declarado polo Real Decreto 3260/1997, polo que se declara paraxe pintoresca o contorno no que se integran a casa de Rosalía de Castro, a Colexiata de Iria Flavia co cemiterio de Adina e o Xardín Botánico da Vila de Padrón

b) Finalidade da actuación e uso ao que se destinará: pintado de fachadas de vivenda

c) Altura, volumes e ocupación de parcela: os existentes.

d) Contía na que se orzan as obras: 5.090,00 euros. (sen IVE)

e) Situación e emprazamento das obras: Lugar de Horta, Iria Flavia nº 7

f) Nome ou razón social do promotor: D. Manuel Calvo Rodríguez

g) Técnico autor do proxecto e director das obras: non procede.

h) Contratista das obras: Decoración y pintura Luis Villanueva Cobas.

i) Prazos para o inicio e terminación das obras: As obras deberán iniciarse no prazo de tres (3) meses dende a data de notificación do acto que outorgue a licenza para o proxecto de execución, e concluírse no prazo de dezoito (18) meses contados dende a data de inicio das obras. Ós efectos de caducidade das licenzas estarase ao disposto polo artigo 197 da lei 9/2002, de 30 de decembro.

Terceiro. A licenza enténdese outorgada salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Cuarto. No caso de que a intervención precise da ubicación de andamiaxes, guindastres, depósitos de materiais ou acopios, ou calquera outra instalación, ocupación ou actividade que impliquen ocupación da vía pública e entorpeza ou dificulte a circulación de vehículos ou persoas, deberá solicitar a correspondente autorización nas oficinas deste Concello, de conformidade co disposto na ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública, publicada no Boletín Oficial da Provincia número 267, de 19 de novembro de 2004.

Quinto. Dar traslado ao técnico municipal de xestión económica aos efectos de proceder á liquidación dos tributos que resulten de aplicación.

Sexto. Dar traslado do acordo adoptado ós servizos técnicos e de recadación municipais.

Sétimo. Notificar o presente acordo ao interesado coa indicación de que pon fin á vía administrativa, e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o alcalde coma órgano titular orixinario da competencia para resolver, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación resultando aprobado por unanimidade das e dos presentes, polo que a Xunta de Goberno Local adopta o seguinte acordo:

Primeiro. Outorgar a D. Manuel Calvo Rodríguez licenza municipal de obras para pintado de fachadas de vivenda sita no lugar de Horta nº 7, Iria Flavia, con referencia catastral 15066A065004010000ZJ, expediente 37/2015/LU, conforme os orzamentos e documentación presentada.

- b) Deberá cumprir coas esixencias que se derivan do Decreto 174/2005, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o rexistro xeral de produtores e xestores de residuos de Galicia, da Lei 10/1997, de residuos sólidos urbanos e do Decreto 105/2008, do 1 de febreiro.

Segundo. En cumprimento do establecido 17.1. do Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de disciplina urbanística de Galicia (RDUG) fanse constar os seguintes datos da licenza concedida:

- a) Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: solo urbano de núcleo rural (URNU) e no entorno dun ben de interese cultural, declarado polo Real Decreto 3260/1997, polo que se declara paraxe pintoresca o contorno no que se integran a casa de Rosalía de Castro, a Colexiata de Iria Flavia co cemiterio de Adina e o Xardín Botánico da Vila de Padrón
- b) Finalidade da actuación e uso ao que se destinará: pintado de fachadas de vivenda
- c) Altura, volumes e ocupación de parcela: os existentes.
- d) Contía na que se orzan as obras: 5.090,00euros. (sen IVE)
- e) Situación e emprazamento das obras: Lugar de Horta, Iria Flavia nº 7
- f) Nome ou razón social do promotor: D. Manuel Calvo Rodríguez
- g) Técnico autor do proxecto e director das obras: non procede.
- h) Contratista das obras: Decoración y pintura Luis Villanueva Cobas.
- i) Prazos para o inicio e terminación das obras: As obras deberán iniciarse no prazo de tres (3) meses dende a data de notificación do acto que outorgue a licenza para o proxecto de execución, e concluírse no prazo de dezoito (18) meses contados dende a data de inicio das obras. Ós efectos de caducidade das licenzas estarase ao disposto polo artigo 197 da lei 9/2002, de 30 de decembro.

Terceiro. A licenza enténdese outorgada salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Cuarto. No caso de que a intervención precise da ubicación de andamiaxes, guindastres, depósitos de materiais ou acopios, ou calquera outra instalación, ocupación ou actividade que impliquen ocupación da vía pública e entorpeza ou dificulte a circulación de vehículos ou persoas, deberá solicitar a correspondente autorización nas oficinas deste Concello, de conformidade co disposto na ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública, publicada no Boletín Oficial da Provincia número 267, de 19 de novembro de 2004.

Quinto. Dar traslado ao técnico municipal de xestión económica aos efectos de proceder á liquidación dos tributos que resulten de aplicación.

Sexto. Dar traslado do acordo adoptado ós servizos técnicos e de recadación municipais.

Sétimo. Notificar o presente acordo ao interesado coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o alcalde coma órgano titular orixinario da competencia para resolver, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se perda interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

5.- COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS DE RECOMPOSICIÓN DE MURO DE PECHER EN FINCA SITA



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@concellodepadron.es

www.concellodepadron.es

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

NO LUGAR DE MORONO, FORMULADA POR D. JOSÉ CHAN DIOS, EXPEDIENTE 154/2015/CP.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 8 de setembro de 2015:

<<ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS.

Primeiro. En data 25 de agosto de 2015 ten entrada no Concello, con número de rexistro 7323, formulario de comunicación previa para a realización de obras e usos do solo e subsolo non suxeitos a licenza municipal para obras de recomposición de muro de peche en finca sita no lugar de Morono, con referencia catastral 15066A075012920000ZT, formulada por D. José Chan Dios Achégase coa comunicación previa orzamento, datos catastrais e fotografías.

Segundo. En data 2 de setembro de 2015 o arquitecto técnico municipal D. Jesús Baliña de Jesús emite conformidade coa documentación presentada coma completa e hábil para a tramitación do expediente, sen prexuízo de posterior comprobación que certifique o axuste da intervención á comunicación presentada e á normativa urbanística de aplicación.

Terceiro. En data 2 de setembro de 2015 o asesor xurídico en materia de urbanismo Juan Molares Agrelo informa a comunicación previa presentada

FUNDAMENTOS DE DEREITO.

Primeiro. Artigo 195.4 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia en canto á suxección ao réxime de comunicación previa dos actos de uso do solo e do subsolo non sometidos a licenza municipal.

Segundo. O procedemento para a presentación das comunicacións previas e o seu contido necesario veñen determinados no parágrafo 5 do artigo 194 da LOUG:

- Descrición suficiente das características do acto de que se trate: Referidas no apartado sexto do formulario de comunicación previa e na conformidade técnica: rehabilitación e reconstrución dun muro tradicional de pedra de 23,5 metros de lonxitude e 90 cm de altura no interior dunha finca, co carácter de obras de mantemento e conservación.

- Xustificante de pago dos tributos municipais: neste senso, o Concello non conta nestes momentos cun sistema de autoliquidación tributaria implantado que permita que polo declarante se proceda a determinar o importe dos tributos a satisfacer e deste xeito o habilite para proceder ao pago e contar con tal resguardo. Co sistema actual, e ata unha futura introdución do sistema de autoliquidación tributaria municipal, resulta suficiente conforme o criterio do informante con que o solicitante achegue os datos e elementos de xuízo que resulten necesarios para que pola administración se poida proceder a liquidar o tributo correspondente. Unha vez notificada a devandita liquidación, o declarante deberá proceder ao pago e conservar o resguardo do pagamento, tal e coma se refire na propia comunicación previa. De non procederse ao pago, a comunicación presentada resultará inexacta, o que terá coma consecuencia a declaración de ineficacia da mesma, procedendo a paralización das obras ou ben a imposición dunha sanción, con independencia de que se proceda así mesmo a adoiar as medidas de constriximento para o pago da débeda tributaria que resulten de aplicación.

- De ser o caso, proxecto técnico esixible legalmente e declaración do/a técnico/a ou os/as técnicos/as que autoricen o proxecto de que éste cumpre en todos os seus termos coa ordenación urbanística de aplicación: Non procede.

- Copia das restantes autorizacións e, de ser o caso, concesións administrativas cando sexan legalmente esixibles ao solicitante, ou acreditación de terse solicitado o seu outorgamento. Non proceden, vista a conformidade técnica municipal.

- Documento de avaliación ambiental, en caso de requirila o uso a que vaian destinadas as obras: Non procede.
- Copia da autorización ou ditame ambiental, así coma das restantes autorizacións, concesións ou informes sectoriais cando sexan legalmente esixibles: Non proceden.

Visto o que antecede, estimamos que a documentación presentada cumpre co establecido no artigo 194.5 da LOUG.

A parcela obxecto de intervención conta con dúas cualificacións urbanísticas conforme o PXOM. Así parte se sitúa en solo cualificado coma solo non urbanizable de núcleo rural de poboación (NN), que conforme o réxime transitorio establecido pola LOUG tería a consideración de solo de núcleo rural, e outra parte en solo non urbanizable común (NU), que equivale conforme o referido réxime transitorio a solo rústico de protección ordinaria. En todo caso o uso solicitado resulta admisible polas dúas cualificacións, sen prexuízo do cumprimento das condicións de edificación e demais normativa urbanística aplicable, das que a declarante refire baixo a súa responsabilidade o seu cumprimento e que será obxecto de verificación coa visita de comprobación.

Terceiro. De acordo así mesmo co establecido no artigo 194.5 da LOUG, a comunicación previa presentarase cunha antelación de quince días hábiles ao inicio das obras. A presentación constitúe título hábil para o inicio das obras no prazo indicado, sen prexuízo dunha posterior comprobación por parte do Concello.

Este mesmo prazo de quince días é o que se lle outorga ao Concello para, sen prexuízo dunha posterior comprobación e inspección, declarar completa a documentación presentada ou ben requerir a emenda das deficiencias que presente a mesma.

Polo tanto, e visto o conforme dos servizos técnicos municipais e o informe xurídico municipal e os argumentos neste recollidos que son asumidos por esta resolución como motivación, en base ao artigo 89.5 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réximen xurídico e do procedemento administrativo común (LRXPAC), estimamos que procede, dado que non se considera a necesidade de subsanación algunha nin emenda de ningunha deficiencia, declarar completa a documentación e tomar coñecemento da comunicación previa efectuada.

Cuarto. Considerando coma órgano competente para o outorgamento das licenzas de obras, e polo tanto para tomar coñecemento da comunicación previa que sustitúe ás mesmas a Xunta de Goberno Local tal e como consta no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998

PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

Primeiro. Declarar completa a documentación presentada e tomar coñecemento da comunicación previa de data 25 de agosto de 2015, asinada por D. José Chan Dios, para obras de recomposición de muro en finca sita no lugar de Morono, con referencia catastral 15066A075012920000ZT, expediente 154/2015/CP

Segundo. A comunicación previa, toda vez que o Concello acusa recibo da mesma e a considera completa, habilita ao declarante para o inicio das obras no prazo de quince días hábiles dende a entrada da comunicación previa no Concello, sen prexuízo dunha posterior visita de comprobación e informe técnico por parte dos servizos técnicos municipais.

Terceiro. Apercibese ao declarante:

A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento en que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda imponer por tales



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@concellodepadron.es

www.concellodepadron.es

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

feitos.

A resolución administrativa que constata as circunstancias a que se refire o número anterior comportará o inicio das correspondentes actuacións e a existencia da responsabilidades e poderá determinar a obriga do interesado a restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento durante un periodo de tempo determinado entre tres meses e un ano.

A ausencia de comunicación previa así coma o non axuste da intervención á mesma, independentemente da apertura dun expediente de reposición da legalidade, están tipificadas coma infracción urbanística grave no caso de inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial nunha comunicación previa, e coma infracción urbanística leve da execución de obras sen comunicación previa, cando fosen legalizables, ou a inexactitude, falsidade ou omisión de carácter non esencial na mesma.

Así mesmo, a comunicación previa presentada para os actos de uso do solo suxeitos a ela implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade dos terreos, ou os/as empresarios/as das obras, dos técnicos/as redactores/as do proxecto e directores/as das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación ao proxecto presentado.

Cuarto. Notificada a liquidación tributaria ao declarante, este asume a obriga de estar en posesión en todo momento do resgardo de ter aboado os tributos municipais de aplicación.

Quinto. As obras deberán rematarse no prazo de seis (6) meses dende o inicio das mesmas, e tal circunstancia, isto é, a finalización das obras, deberá porse en coñecemento do concello, aos efectos de que se proceda á visita de comprobación das obras executadas. De non comunicarse polo declarante a finalización das obras, tomaráse coma referencia para a visita de comprobación o devandito prazo de seis meses contados dende que a intervención puido iniciarse, isto é, dende o transcurso dos quince días hábiles dende a presentación da comunicación previa.

Sexto. Dar traslado do acordo adoptado ós servizos técnicos de urbanismo a efectos de que unha vez finalizadas as obras se xire visita de comprobación e se proceda ao correspondente informe técnico sobre a veracidade dos datos expostos na comunicación previa e o axuste das obras realmente efectuadas ás mesmas, así coma o axuste das obras á normativa urbanística de aplicación.

Sétimo. Notificar o presente acordo ao interesado/a coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o alcalde coma órgano titular orixinario da competencia para resolver, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen perxuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación resultando aprobado por unanimidade das e dos presentes, polo que a Xunta de Goberno Local adopta o seguinte acordo:

Primeiro. Declarar completa a documentación presentada e tomar coñecemento da comunicación previa de data 25 de agosto de 2015, asinada por D. José Chan Dios, para obras de recomposición de muro en finca sita no lugar de Morono, con referencia catastral 15066A075012920000ZT, expediente 154/2015/CP

Segundo. A comunicación previa, toda vez que o Concello acusa recibo da mesma e a considera completa, habilita ao declarante para o inicio das obras no prazo de quince días hábiles dende a entrada da comunicación previa no Concello, sen perxuízo dunha posterior visita de comprobación e informe técnico por parte dos servizos técnicos municipais.

Terceiro. Apercíbese ao declarante:

A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento en que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

A resolución administrativa que constata as circunstancias a que se refire o número anterior comportará o inicio das correspondentes actuacións e a exigencia da responsabilidades e poderá determinar a obriga do interesado a restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento durante un periodo de tempo determinado entre tres meses e un ano.

A ausencia de comunicación previa así coma o non axuste da intervención á mesma, independentemente da apertura dun expediente de reposición da legalidade, están tipificadas coma infracción urbanística grave no caso de inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial nunha comunicación previa, e coma infracción urbanística leve da execución de obras sen comunicación previa, cando fosen legalizables, ou a inexactitude, falsidade ou omisión de carácter non esencial na mesma.

Así mesmo, a comunicación previa presentada para os actos de uso do solo suxeitos a ela implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade dos terreos, ou os/as empresarios/as das obras, dos técnicos/as redactores/as do proxecto e directores/as das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación ao proxecto presentado.

Cuarto. Notificada a liquidación tributaria ao declarante, este asume a obriga de estar en posesión en todo momento do resgardo de ter aboado os tributos municipais de aplicación.

Quinto. As obras deberán rematarse no prazo de seis (6) meses dende o inicio das mesmas, e tal circunstancia, isto é, a finalización das obras, deberá porse en coñecemento do concello, aos efectos de que se proceda á visita de comprobación das obras executadas. De non comunicarse polo declarante a finalización das obras, tomaráse coma referencia para a visita de comprobación o devandito prazo de seis meses contados dende que a intervención puido iniciarse, isto é, dende o transcurso dos quince días hábiles dende a presentación da comunicación previa.

